



PRIMEIRO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 7/2019

CARÁCTER: Extraordinario

### ANUNCIO

Con data 7 de xuño de 2019, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

#### *" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO*

*De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), esta alcaldía RESOLVE:*

*PRIMEIRO.- Convocar a sesión extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro mércores día 12 de xuño, ás 14,00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, motivada na necesidade de dar cumprimento ao disposto no art. 36.1 do ROF, relativo á aprobación das actas das últimas sesións celebradas e, en consonancia co anterior, coa seguinte:*

#### *ORDE DO DÍA*

##### *A) Parte resolutiva:*

*1º e único.- Aprobación, se procede, de borradores de actas de sesións anteriores:*

- Ordinaria nº 5/2019, de 25/04/2019.*
- Extraordinaria nº 6/2019, de 30/04/2019.*

*SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.*

*TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."*

O que se fai público para coñecemento e efectos.

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



En Tui, o alcalde en funcións, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.